



(Secretaría)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

### CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso, Secretaria do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data 20 de xullo de 2015, foi adoptado pola Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

**10º.-ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN AS MULLERES (CIM), A PROPOSTA DE ALCALDESA EN FUNCIÓNS.** Vista a proposta da Alcaldía en funcións de data 15-07-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada.

Visto que dentro de prazo presentaron oferta:

---D<sup>a</sup> María Luisa Alvarez Pérez  
---D<sup>a</sup> Mónica Magariños Cobas  
---D<sup>a</sup> Mónica Arca Camba  
---D<sup>a</sup> Irene Aguiar Lale  
---D<sup>a</sup> Natalia Cerviño Requeijo  
---D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rocío Lodeiro Matalobos  
---D<sup>a</sup> Eva Novás Mato  
---D<sup>a</sup> María Rodríguez Cruz  
---D<sup>a</sup> Carla Muñiz Fernández  
---D<sup>a</sup> Ana Belén Meda Villar  
---D<sup>a</sup> Sonia Touceda Ferreiro

Vista a documentación administrativa aportada polas licitadoras que presentaron a súa oferta dentro de prazo.

Visto que unha das licitadoras, D<sup>a</sup> Mónica Magariños Cobas, non acredita axeitadamente a solvencia técnica pois non cumpre o requisito esixido nos Pregos de formación en violencia de xénero, ao abeiro do artigo 16 do Decreto 182/2004 de 22 de xullo, polo que procede por tanto a súa inadmisión, tal e como se di de maneira expresa na cláusula XI dos pregos.

Vistas as proposicións formuladas polas licitadoras nas que non procede a súa inadmisión.

Vista a valoración das proposicións, realizada de maneira conxunta coa Directora do Centro de Información ás Mulleres, na que as licitadoras acadaron as seguintes puntuacións:

---D<sup>a</sup> María Luisa Alvarez Pérez: 7.5 puntos  
---D<sup>a</sup> Mónica Arca Camba: 27.5 puntos  
---D<sup>a</sup> Irene Aguiar Lale: 15 puntos

- D<sup>a</sup> Natalia Cerviño Requeijo: 15 puntos
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rocío Lodeiro Matalobos. 48.55 puntos
- D<sup>a</sup> Eva Novás Mato: 15 puntos
- D<sup>a</sup> María Rodríguez Cruz: 13.5 puntos
- D<sup>a</sup> Carla Muñiz Fernández. 15.95 puntos
- D<sup>a</sup> Ana Belén Meda Villar: 40 puntos
- D<sup>a</sup> Sonia Touceda Ferreiro: 38 puntos

Visto que a máis vantaxosa das proposicións formuladas foi a de D<sup>a</sup> Rocío Lodeiro Matalobos.

-Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido con data 16-07-2015 pola Intervención municipal.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

1º.-Inadmitir a Dna. Mónica Magariños Cobas, por non acreditar axeitadamente a solvencia técnica.

2º.-Adxudicar o contrato de servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada por importe de 475,08 euros mensuais IVE incluído, a D<sup>a</sup> Rocío Lodeiro Matalobos (con NIF 52471983J e enderezo na rúa Serafín Pazo 27, 1º C, A Estrada), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

3º.-Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

4º.-Notifíquese o presente Acordo ás licitadoras.

E para que conste, e aos efectos legais oportunos, expido a presente de orden e co visto e prace do Sr. Alcalde, na Estrada a vinteun de xullo de dous mil quince.

Vº Pr  
O ALCALDE



J. Carlos López Campos

A SECRETARIA.,



Lucía Artume Alonso